

XUÑO DE 2022 | EDICIÓN N.º 2

# DIARIO DE NÓS

SÓLO EN DIARIO DE NÓS

NO SEGUINTE NÚMERO

**FAMILIAS**

**VOLVEN A ESCOLA!**

**Á VOLTA AO COLE**

**ORGULLO DELAS**

**FLORENCIO DELGADO**

AUTOR DAS LETRAS GALEGAS

**JUANA DE VEGA**



# Volvem as visitas das familias



Este curso volvemos pouco a pouco á normalidade, recuperando as visitas das familias ao cole. Sempre nos ensinan cousas, nos enriquecen o día a día.

Aquí o alumnado de 6º de Ed. Infantil tiveron a visita do avó de Breixo que lles falou do coidado das abellas e foi entrevistado na radio da biblioteca.



Os amigos e amigas de 5ºA de Ed. Inf. tiveron unha visita especial dunha amiga, Ema e a súa familia, o ano pasado marcharon a Alemaña pero aproveitaron as súas vacacións para vir a Oleiros e para contarlles cousas sobre á súa nova vida. Foi unha visita moi emotiva.



O alumnado de 4°B El recibiu a visita da nai dunha compañeira, acompañada de tres pitiños. Aprendemos moitas cousas e pasámolo Xenial. Moitas gracias, Sonia.



A familia de Emma visitounos cun membro peludiño da familia. Explicando aos amigos e amigas da clase de 5ºA todos os coidados que precisa un gatiño.



Nas aulas de 6º de Infantil tiveron a visita de Ana, a nai de Adrián e veterinaria , que explicou moitas cousas sobre o coidado das mascotas ademais de traer uns axudantes peludos.



# DIFERENTES DIFERENZAS

5º de Ed. Infantil e Primeiro de Primaria assistiron a un concerto de Silvia Penide sobre o conto "Diferentes diferencias"







# ORGULLO DE SER MULLER



# 8M



O DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, ANTERIORMENTE DENOMINADO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA, CONMEMORA EN CADA 8 DE MARZO A LOITA DAS MULLERES POR A SÚA PARTICIPACIÓN NA SOCIEDADE E O SEU DESENVOLVEMENTO ÍNTEGRO COMO PERSONA, EN PIE DA IGUALDADE CO HOME



# FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

AUTOR NOMEADO NAS LETRAS GALEGAS 2022



Galicia adica o día das Letras Galegas a este poeta valdeorrés membro activo do partido galeguista de Castelao que serve de ponte entre os galegos exiliados en México durante a guerra civil

e a dictadura.  
Florencio Delgado G.  
defensor do galego como parte esencial da identidade nacional de Galicia.  
Referente obrigado da historia contemporánea.

## A SÚA OBRA

Muiñada,  
Heraldo Gallego  
A nosa Terra  
Vente, ventíño do Norte  
Cantiga de Vindima



# ASOCIACIÓN ASPADISOL

**ASOCIACIÓN DE PAIS DE  
DISCAPACITADOS  
PSÍQUICOS DE OLEIROS.**



O centro ocupacional para persoas con discapacidade psíquica o intelectual estivo de visita no noso centro.

Fixeron unha xornada de convivencia que tiña como finalidade intercambiar actividades.

Eles/as ensinaron ao alumnado de 5<sup>o</sup> e de 6<sup>o</sup> curso como traballaban a madeira e os sistemas de seguridade que usan.



O alumnado do Ceip Juana de Vega tiña preparado dous obradoiros, un de creación de flores con arames e arxila e outro de arte: colorear o mural co retrato de Juana de Vega.

# I CAMPIONATO DE ALIEN

CEIP JUANA DE VEGA

É un xogo baseado no Cornhole, procedente dos Estados Unidos, no que os sacos están recheos de millo ( de ahí o seu nome).



# EN QUE CONSISTE ALIEN?

Formades parte da tripulación dunha nave extraterrestre, e debedes conseguir depositar os vosos "aliens" sobre o planeta do equipo contrario.

- É un xogo colaborativo en equipo
- Non require dun espazo grande (é axeitado ó noso miniximnasio, e mesmo se pode xogar fóra, para ter presenza de público)
- Traballaremos habilidades específicas ó tempo que nos divertimos.
- Todos partiredes do mesmo nivel porque é un xogo novo para vós.
- Cumple tódolos requisitos para poder facer campionatos durante os recreos



# ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN "SÓ LLES FALTA FALAR"

O Club de cans de familia "Só lles falta falar" nace no ano 2008 coa finalidade de fomentar a tenza responsable de cans e a súa plena integración na sociedade.

O noso alumnado de Educación Infantil e primeiro ciclo de Educación Primaria gozaron dunha mañá aprendendo todo o necesario da educación canina e o seu soporte terapéutico.

Puideron tocalos e pasealos.

Toda unha experiencia inolvidable!





# POLOS CREATIVOS

AS MATEMÁTICAS EXPLICADAS POR ESCOLARES DE  
8 ANOS.

O alumnado de segundo de primaria tivo a oportunidade de acudir a presentación do proxecto Polos creativos na cidade da cultura en Santiago de Compostela onde investigaron e vivenciaron programas de innovación educativa presentados por outros centros e explicar a outros alumnos/as as súas experiencias coas matemáticas manipulativas.







INTERCAMBIO DE POSTAIS CON ITALIA

# ERIKA Y LA DANZA



Alumnado do Ceip Juana de Vega puideron gozar da representación deste conto da escritora Fátima Moreno con ilustracións de Zarza Barroso.

Trátase dun conto de educación emocional e de danza educativa, creativa e inclusiva que pretende ampliar a visión sobre a práctica da danza e eliminar barreiras a través dunha historia de superación cunha nena adorable que descobre que pode alcanzar os seus sonos.

# Balbordo de BiblioNovas

## Remata o curso 2021-2022!

Foron moitas cousas as que sucederon neste curso así que aí vai un pequeno resumo dos últimos meses.

### Fáisca, nova mascota

A biblioNós ten unha nova mascota que xurdiu da creatividade do alumnado a mascota é unha FOLLA LECTORA unha folla de carballo capaz de viaxar, axudar, traer novas, voar e mesmo brillar, por iso o seu nome é FAÍSCA.



### Orgullo de min, orgullo de Nós

Son moitas as actividades e accións que realizamos vencelladas ao proxecto do curso. **Xaneiro** estivo adicado ao **orgullo das cores da nosa pel** e á eliminación de estereotipos raciais. **Febreiro** comezou co "**orgullo da nosa lingua**" gravando e divulgando accións tanto en lingua galega coma noutras linguas presentes no centro. **Marzo** continuou co "**orgullo de mulleres**" visibilizando referentes e realizando accións a prol da igualdade. **Abril** adicouse ao "**orgullo de ti**", contra o acoso e co "slogan" "Escolle ser amable". **Maio** denominouse "**orgullo de familias**" e tratou a diversidade familiar e **xuño** está relacionado co "**orgullo dos nosos sentimentos**" e enfocado na visibilidade e diversidade.

### Certame literario.

En abril ademáis a biblioteca convocou o certame literario e recibiu unha morea de obras nas distintas categorías: álbum ilustrado, conto, banda deseñada, poesía, teatro, narrativa...

Noraboa a todos e todas polas vosas obras e, en especial aos gañadores e gañadoras do certame!



## A radio

Canto ben nos fai a Radio Cigurat! Canto traballades nela e como melloran os nosos programas!

Este curso destacamos os seguintes podcasts e programas.

**O falar da xente:** É o noso programa de entrevistas no cal distintos grupos tiveron conversas con profesionais da apicultura, escritoras e mesmo co alcalde de Oleiros.

**Diarios do Camiño:** o podcast do Camiño de Santiago no cal o alumnado de 6º vai percorrendo todas as etapas e deixando que escoitemos os seus diarios de viaxe.

**Historias doutroa:** Pódcast no cal podemos escoitar biografías, historias e anécdotas dos nosos maiores.

**Especiais:** Programación especial de radio Cigurat na cal destacan os especiais Letras Galegas cunha conversa co mismísimo Florencio Delgado Gurriarán



Accede aos programas desde aquí!

## O que está por vir

Quedan moitas cousas por contar e moitas que están por vir, a biblio xa ve no horizonte novos retos, melloras e ideas ademáis de todas as que a nova situación nos vai permitir recuperar, así que tede boas vacacións e vémonos no vindeiro curso. Noraboa a tod@s, sempre adiante!

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia

